

ORDENANZA FISCAL Nº 23:
TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERRENOS DE USO PÚBLICO
PARA USOS HOSTALEIROS

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME XURÍDICO.

No uso das potestades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e ao abeiro do disposto no artigo 20.3. 1) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por ocupación de terreos de uso público local para usos propios ou auxiliares ou anexos á actividade hostaleira con finalidade lucrativa, que se rexerá pola presente Ordenanza, redactada conforme ao disposto no artigo 16 do dito R.D.L. 2/2004.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa o aproveitamento de espazos públicos afectos ao dominio público, que sexan de uso público, de titularidade municipal ou sobre os que o Concello exerza competencias de policía, mediante a ocupación dos mesmos para usos propios ou auxiliares ou anexos á actividade hostaleira, tales como a instalación de terrazas, veladores, etc., con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que utilicen ou se beneficien do aproveitamento do dominio público municipal, segundo o previsto no artigo anterior, ostenten ou non a preceptiva autorización municipal previa ao devandito uso.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.

En materia de sucesión e responsabilidade serán aplicables os artigos 39 a 43 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e a normativa que a desenvolve ou complementa.

ARTIGO 5º.- BENEFICIOS FISCAIS.

Non se recoñece ningún beneficio fiscal nesta taxa, consonte ao previsto no art. 9.1 do R.D.L. 2/2004, agás os que estean previstos en normas con rango de Lei ou nos Tratados internacionais validamente suscritos polo Reino de España e publicados no B.O.E.

ARTIGO 6º.- TARIFAS E COTA TRIBUTARIA.

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal farase efectiva conforme ás seguintes tarifas:

- | | |
|---|-----------------------------|
| 1.1.- Ocupación anual: | 15,00 €/m ² /ano |
| 1.2.- Ocupación por tempada estival (1 xuño-30 setembro): | 12,00 €/m ² . |
| 1.3.- Ocupación por días soltos: | 0,40 €/m ² /día |

2.- Para a determinación do número de metros cadrados, tomarase en consideración o perímetro total de dominio público ocupado, incluíndo dentro do mesmo os elementos adicionais a colocación de mesas e cadeiras, como toldos, tornaventos, separadores, etc. A tal efecto, serán de plena aplicación as presuncións contidas na regulación destes aproveitamentos no Texto refundido da Ordenanza xeral sobre circulación e utilización das vías públicas do Concello de Carballo.

3.- Sobre das tarifas fixadas no apartado 1, aplicaranse a seguinte táboa de coeficientes, segundo a categoría da rúa ou espazo ocupado que consta nos anexos á presente Ordenanza.

Categoría especial (zona amarela plano anexo)..	1,33
Categoría 1ª (zona rosa plano anexo).....	1,00
Categoría 2ª (zona azul do plano anexo).....	0,75
Categoría 3ª (zonas sen colorear).....	0,50

4.- Cando o espazo ocupado con mesas e cadeiras teña fronte a dúas ou máis rúas con distinta clasificación, aplicarase en todo caso o coeficiente previsto para a rúa de maior categoría.

5.- Calquera que sexan os metros cadrados ocupados e o período temporal de ocupación, aplicarase como cota tributaria mínima a cantidade de 5,00 €.

ARTIGO 7º.- REPORTE.

Repórtase a taxa e nace, polo tanto, a obriga de contribuir, no momento do outorgamento da autorización, ou, no caso de que o uso se inicie antes de obtela, desde a data na que se inicie o aproveitamento do dominio público.

ARTIGO 8º.- NORMAS DE XESTIÓN.

1.- O aproveitamento do dominio público suxeito a imposición pola presente Ordenanza atópase suxeito á obtención da previa autorización municipal. De tal xeito, as persoas interesadas na concesión dos aproveitamentos deberán solicitar previamente a oportuna autorización, nos termos sinalados no Texto refundido da Ordenanza xeral sobre circulación e utilización das vías públicas do Concello de Carballo.

2.- As cotas tributarias resultantes da aplicación da tarifa regulada no artigo anterior liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducible polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

3.- De conformidade co disposto no artigo 24.4 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, cando o aproveitamento especial regulado nesta Ordenanza teña como consecuencia a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa correspondente, estará obrigado ao reintegro do custo total dos

respectivos gastos de construción ou reparación e ao depósito previo do seu importe. Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada nunha cantidade igual ao valor dos bens destruídos ou danados

4.- A liquidación da taxa –só a primeira de incorporación ao Padrón nos supostos de autorización anual- será aprobada no mesmo acto de concesión da autorización e notificarase de inmediato ao suxeito pasivo.

5.- As taxas por autorización anual constitúen un ingreso de retribución periódica e cobro mediante recibo, polo que só se xirará a primeira liquidación de alta no respectivo Padrón Fiscal, entendéndose renovada a autorización nos termos concedidos inicialmente para o exercicio seguinte, salvo renuncia do titular nos termos que sinala o Texto refundido da Ordenanza xeral sobre circulación e utilización das vías públicas do Concello de Carballo. Cando se producise calquera alteración a instancia de parte nos elementos tributarios que determinen a variación do importe anual a satisfacer, só se xirará nova liquidación cando esta variación se teña producido con posterioridade á emisión e posta ao cobro do respectivo Padrón Fiscal. Se se producise con anterioridade á aprobación do Padrón, será notificada a autorización, pero non a liquidación, incorporándose a nova contía á liquidación que se inclúa no Padrón Fiscal dese mesmo ano.

6.- Nos supostos de alta ou baixa de autorizacións anuais, a taxa será rateable por trimestres naturais.

ARTIGO 9º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

No tocante á calificación das infraccións tributarias, así como as sancións que correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Delégase no Alcalde-Presidente da Corporación a facultade de mediante Decreto, establecer o sistema de autoliquidación para o ingreso desta taxa nos supostos do art. 8.4. O devandito Decreto será obxecto de publicación no Boletín Oficial Provincial, entrando en vigor o sistema ao día seguinte ao da devandita publicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.-

Os aproveitamentos que gocen de autorización concedida antes da entrada en vigor da presente Ordenanza seguiranse rexendo polas normas vixentes ao momento da súa autorización ata que finalice a vixencia da autorización concedida.


DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.-

Aos aproveitamentos do dominio público que non gocen de autorización e continúen realizándose á entrada en vigor da presente Ordenanza, seralles de aplicación a nova tarificación contida na mesma desde o día da súa entrada en vigor.

DISPOSICION DERRADEIRA.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do anuncio da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, entendéndose vixente por tempo indefinido en tanto non sexa expresamente derogada, e supón a derogación da anterior versión da mesma.

ANEXO I.- PLANO DE CATEGORÍAS DO VIARIO.



ANEXO II.- RUEIRO DE CATEGORÍAS DO VIARIO.

Para evitar dúbidas nos lindeiros de zonas de categoría diferente que puidesen ser subscitadas pola escala do plano do Anexo I, delimitase o seu efecto coa seguinte indicación do concreto alcance, en cada vía do rueiro, de cadansúa categoría, indicado polos números de policía dos inmobles que se afectan a unha categoría determinada. En caso de discrepancia entre o anexo I e o anexo II, tomarase sempre como correcto este último.

VÍAS DE CATEGORÍA ESPECIAL:

Rúa Coruña:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Hórreo:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza do Concello:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0

(Enténdese como praza do Concello as marxes das R/Gran Vía, Cervantes, Colón e Desiderio Varela que físicamente formen parte do contorno da praza, incluíndo o espazo de estacionamento, de existir)

VÍAS DE 1ª CATEGORÍA:

Av. Finisterre:	2-46; 1-47 (inclusives)
Av. Ponte da Pedra:	2-14; 1-23 (inclusives)
Horta do Casino:	completa (toda a ordenación futura, incluíndo a praza e todos os viais)
Rúa Jacinto Amigo Lera:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Parking e praza do San Martiño	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza de Galicia:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Alexandre Bóveda:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Alfonso D. Rodríguez Castelao:	2-10; 1-15 (inclusive)
Rúa Baños Vellos:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Barcelona:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Camiño Novo:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Cervantes:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Colón:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Concepción Arenal:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Desiderio Varela:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Emilia Pardo Bazán:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Estrela:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Fomento:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Gran Vía de Eduardo Prado:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Igrexa:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Lugo:	completa (incluída a eventual prolongación)
Rúa Luís Calvo:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Martín Herrera:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Ourense:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0

Rúa Perú:	completa (incluída a prolongación)
Rúa Ponte:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Pontevedra:	completa (incluída a eventual prolongación)
Rúa San Xosé:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Sol:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Valle-Inclán:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vázquez de Parga:	2-100; 1-75 (inclusives)

VÍAS DE 2ª CATEGORÍA:

Av. Bergantiños:	2-10; 1-77 (inclusives)
Av. Cristina:	2-62; 1-75 (inclusives)
Av. Fisterra:	48-78; 49-89 (inclusives)
Av. Flores:	2-34; 1-39 (inclusives)
Av. Milagrosa:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Av. Ponte da Pedra:	16-9998; 25-9999 (inclusives)
Parking público C.C. Bergantiños:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Paseo da Praia (Arnados)	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza da Cruz Vermella:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza da Milagrosa:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza de Vigo:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Praza Vila de Laxe:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Alfonso Daniel Rodríguez Castelao:	12-9998; 17-9999; s/n; 0
Rúa Álvarez de Sotomayor:	2-26; 1-25 (inclusives)
Rúa Álvaro Cunqueiro:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Baixa:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Brasil:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Buenos Aires:	2-40; 1-45 (inclusives)
Rúa Camilo José Cela:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Carballo Calero:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Celso Emilio Ferreiro:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Chile:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Cinceiro:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Compostela:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Doctor Fleming:	2-60; 1-55 (inclusives)
Rúa Eduardo Blanco Amor:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Eduardo Pondal:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Fábrica:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Gardenias:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Grabador Facal:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Luís Braille:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Mimosas	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Moncho Valcarce:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Moreiras:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Muiño:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa do Pan:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Poniente:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Ramón Cabanillas:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Anllóns:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Grande:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0

Rúa Río Miño:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Río Sil:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Rosalía de Castro:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Santa María:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa San Xoan Bautista:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa San Martiño:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa San Ramón:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Santa Ana:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Saúde:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vázquez de Parga:	104-194; 77-191 (inclusives)
Rúa Verdillo:	2-52; 1-59 (inclusives)
Rúa Vicente Risco:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Victoria:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vila de Corcubión:	2-36; 1-19 (inclusives)
Rúa Vila de Laxe:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Vila de Negreira:	2-72; 1-51 (inclusive)
Rúa Vila de Noia:	32-80; 13-19 (inclusives)
Rúa Vila de Ordes:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0
Rúa Xílgaro:	completa 2-9998; 1-9999; s/n; 0

VÍAS DE 3ª CATEGORÍA:

Resto do viario do termo municipal completo.

>>

DILIXENCIA: OBSERVACIÓNS DE VIXENCIA.

1.- Versión hoxe vixente: desde o 19/07/2013:

Aprobación: Sesión ord. Pleno 29/04/2013. B.O.P. nº 136 do 18/07/2013.

2.- Versión anterior vixente: desde o 11/08/2004 ao 18/07/2013:

Modificación: Sesión extraord. Pleno 22/12/2003. BOP nº 183 do 10/08/2004.

<<

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME

No uso das potestades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e ó abeiro do disposto no artigo 20.3. 1) da Lei 39/88, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras ou outros elementos análogos con finalidade lucrativa,, que se rexerá pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 da Lei 39/88 citada.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa o aproveitamento dos terreos de uso público municipais mediante a ocupación con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, ás que se lles autorice para efectua-lo aproveitamento do dominio público municipal, segundo o previsto no artigo anterior.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

Os copartícipes ou cotitulares das entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias das devanditas entidades.

Os administradores das persoas xurídicas que non realizaren os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias da sociedade que administran, responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- A) Cando se cometa unha infracción tributaria simple, polo importe da sanción.
- B) Cando se teña cometido unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- C) Nos supostos de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigas pendentes na data de cesamento.

A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e con arreglo ós procedementos previstos na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.- BENEFICIOS FISCAIS.

De conformidade co disposto no artigo 9.1 da Lei 39/88, de 28 de decembro, non se recoñece beneficio tributario ningún, agás os que sexan consecuencia do establecido en normas ou Tratados Internacionais ou que estén previstos en normas con rango de Lei.

ARTIGO 6º.- TARIFAS.

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal farase efectiva conforme ás seguintes tarifas:

- a) Ocupación por un número determinado de días.....
0,450759 €/m²/día (75 ptas)
- b) Ocupación trimestral..... 3,01 €/m²/trimestre (500 ptas)
- c) Ocupación anual..... 9,62 €/m²/ano (1.600 ptas)

B)

2.- Para a determinación do número de metros cadrados, tomarase en consideración o perímetro total de dominio público ocupado, incluíndo dentro do mesmo os elementos adicionais a colocación de mesas e cadeiras, como toldos, tornaventos, separadores, etc.

3.- Sobre as tarifas fixadas no apartado 1, aplicaranse a seguinte tabla de coeficientes, segundo a categoría da rúa ou espacio ocupado:

Categoría 1ª (zona amarela do plano anexo).....	1
Categoría 2ª (zona rosa do plano anexo).....	0,75
Categoría 3ª (zona azul).....	0,5
Categoría 4ª (resto do Termo Municipal).....	0,25

4.- Cando o espacio ocupado con mesas e cadeiras teña fronte a dúas ou mais rúas con distinta clasificación, aplicarase en todo caso o coeficiente previsto para a rúa de maior categoría.

5.- Calquera que sexan os metros cadrados ocupados e o período temporal de ocupación, aplicarase como cota tributaria mínima a cantidade de 6,01 € (1.000 ptas.)

ARTIGO 7º.- RETRIBUCIÓN.

Retribuirase a taxa e nacerá a obriga de contribuir no momento do outorgamento da licenza ou desde que se inicie o aproveitamento, no caso de que non se teña solicitado licenza.

ARTIGO 8º.- NORMAS DE XESTIÓN.

a) As persoas interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza Fiscal deberán solicitar previamente a correspondente licenza, na que se indicará a superficie a ocupar e o tempo de ocupación. Unha vez recibida a devandita solicitude, remitirase copia á Xefatura da Policía Local, para que se emita informe sobre a as dificultades ou atrancos que poida supor este aproveitamento especial para os demais usuarios do dominio público.

b) As cotas tributarias resultantes da aplicación da tarifa regulada no artigo anterior liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducible polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

1. De conformidade co disposto no artigo 24.4 da Lei 39/88, do 28 de decembro, cando o aproveitamento especial regulado nesta Ordenanza teña como consecuencia a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa correspondente, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de construción ou reparación e ó depósito previo do seu importe. Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada nunha cantidade igual ó valor dos bens destruídos ou danados

2. A liquidación da taxa será aprobada no mesmo acto de concesión da licenza e notificarase de inmediato ó suxeito pasivo. Por Decreto da Alcaldía, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial Provincial, poderase estable-lo sistema de autoliquidación para o ingreso desta taxa.

ARTIGO 9º.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

No tocante á calificación das infraccións tributarias, así como as sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto no artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

As cotas tributarias fixadas para cada aproveitamento no artigo 6 desta Ordenanza modificaranse anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ó Consumo que sinala o Instituto Nacional de Estadística. O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre, por exceso ou por defecto, á centena superior ou inferior.

Nota.- Ós efectos da aplicación das tarifas previstas no art. 6, utilizarase o plano anexo á Ordenanza nº21

PLANO DE CATEGORÍAS DAS VÍAS MUNICIPAIS



LENDAS:

- Vías de categoría 1ª: Cor marela
- Vías de categoría 2ª: Cor vermella/rosa
- Vías de categoría 3ª: Cor azul
- Vías de categoría 4ª: Resto de vías

>>

